

PRAIA, MONTAÑA OU PLUMA?

Desacougo existencial

28.08.2010 Cesáreo Sánchez di que o escritor ten que poñerse ó día para camiñar ó mesmo paso que o país

ADRIÁN GONDAR . SANTIAGO

Viaxou por Cambodia e Vietnam, unha escola para a humanidade. Alí escribiu un diario que espera poder publicar. Considera que un escritor sempre ten que te-los ollos abertos ó mundo e que baixar ó mundo real produce un desacougo polo cambio de ritmo.

Está a ter un verán de pracer ou de traballo?

Foi unha viaxe de formación humana a unha verdadeira escola para a humanidade: Vietnam e Cambodia. No mes de xullo estiven no país, participando nos actos do día da patria e na organización da homenaxe a Rosalía de Castro no 125 aniversario da súa morte, facendo unha traslación simbólica de Padrón a Compostela para reivindicar-la apertura do Panteón de Galegos Ilustres como laico e público.

Vese practicando o Xacobeo?

Non participei en actos culturais que tiveran que ver co Xacobeo, pero si noutros que hai no mes de xullo por todo o país.

Ten algún proxecto para a próxima temporada?

Gustárame seguir coñecendo países e culturas enriquecedoras que axudan a coñecer-la propia cultura. Vietnam e Cambodia son moi ricos culturalmente, cunhas paisaxes fermosísimas e unha historia que foi unha lección para a humanidade. Agora vén o tempo de asimila-lo vivido, fixen un diario que agardo algún día poder publicar.

Que lle gusta máis do verán?

No verán estase moi ben no noso país, gústame vivi-lo propio país.

Entre tomar cañas nunha terraza ou un volta e volta deitado na praia, que escollería?

Normalmente non fago ningunha das dúas cousas. Á praia vou pasear á tardiña, e tamén tomo cañas cos amigos pero son actividades complementarias. Quizais porque vivo nunha praia non adoito baixar a coller cor.

Con quen compartiría un espazo virtual?

Gozaría con persoas coas que gusto do seu xeito de pensar. Escollería a alguén no que se concretaran moitos dos soños que todo ser humano ten, unha persoa na que están os soños máis que as fantasías.

Cales foron as súas lecturas nestes meses?

Fun lendo non só textos da cultura xemer, a de Cambodia e o sur de Vietnam, tamén sobre etnias e a guerra do Vietnam para coñecer personaxes coma Ho Chí Minh, cando vin onde vivía vin o extraordinario que era.

Aproveita o verán para practicar algún deporte?

Non coma tal, pero camiño polas praias sobre unha hora e media conversando con amigos que tamén participan. Camiñar servíume para a miña viaxe, xa que foi moi dura, coas condicións climatolóxicas intensas.

A literatura para un escritor é á vez profesión e hobby?

Para un poeta é distinto, a poesía non permite nin que sexa profesión nin hobby. É unha vocación, unha maneira de olla-lo mundo. Para escribir poesía hai que vivir con intensidade para ter algunha experiencia que contar.

O escritor sempre ten un libro baixo o brazo?

O escritor ten que te-los ollos abertos ó mundo expectante, ser unha persoa vulnerable pola beleza. O que os seres humanos ofrecen ó mundo, o poeta ten que te-la capacidade para captalo e filtralo na súa intelixencia emotiva, gardalo porque algún día pode acabar sendo un verso dun poema.

En vacacións veñen á mente ideas para vindeiros traballos?

As boas ideas veñen ó traballar en algo concreto e abre camiños. Mentres facía o diario viñéronme ideas de futuros traballos, adoita acontecer.

Como é o primeiro día de escritura tras a temporada de vacacións? Custa arrincar?

A escrita non é algo do que un descanse. Un poeta nunca deixa de escribir, non deixa de gravar no seu interior para producir apuntamentos, versos... O que produce é mudar de realidade, fuxir dunha realidade extraordinaria e incorporarse á vida cotiá, do día a día. Iso produce un certo desacougo existencial porque un ama o día a día pero cando baixa do extraordinario ó común sempre hai un cambio de ritmo que fai que un teña que se poñer ó día para camiñar ó mesmo paso que o país.

O PERFIL

Nome: Cesáreo Sánchez Iglesias

Lugar de nacemento: Irixo (Ourense)

Ano de nacemento: 1951

Obras: *Antonte das salamántigas* (1980), *A árbore das sete palabras* (1990), *O rostro da terra* (1996), *Evadne* (1998), *Vacacións nube* (2004), *A escrita do Camiño Primitivo* (2007)...

Premios: Finalista do Premio de Poesía Leliadoura por *A árbore das sete palabras*, Premio Esquíu de Poesía da Sociedade Valle-Inclán por *O rumor do distante* (2001)...

Ademais: Arquitecto técnico ademais de poeta, entre outras cousas foi presidente do xornal *A Nosa Terra* e director da editorial do mesmo nome.

Antonio Hernández